

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 26 DE
ABRIL DE 2016 DA UNIVERSIDADE DE
VIGO, POLA QUE SE MODIFICAN AS
LISTAXES DEFINITIVAS DE
SELECCIONADOS E LISTA DE
AGARDA NO MARCO DA
CONVOCATORIA DE SANTANDER
GRAO IBEROAMÉRICA PARA O
CURSO 2016-2017**

Publicada a convocatoria de bolsas Iberoamérica Estudiantes de Grao por Resolución Reitoral de 22 de febreiro de 2016, e unha vez feita pública a relación definitiva de seleccionados e en lista de agarda, e trala presentación das aceptacións e renuncias por parte dos/as seleccionados, esta Reitoría

RESOLVE

Publicar unha nova listaxe definitiva de seleccionados/as que figuran no anexo I.
Publicar unha nova listaxe definitiva de lista de agarda que figura no anexo II.

De se produciren renuncias de estudantes, a axuda concederáse aos estudantes do anexo II por orde de expediente.


Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, o(s) interesado(s) poderá(n) optar por interpor contra esta Resolución Recurso de Reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente Resolución, perante o mesmo órgano que a ditou, neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.




O REITOR
Por Delegación (R.R. do 07/05/2014)
O vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais

Manuel J. Fernández Iglesias



DILIXENCIA para facer constar que esta Resolución publícase con esta data no taboleiro desta Universidade.
Vigo, 26 de abril de 2016


A secretaria do vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais
Carmen Luisa Pereira Castro